

**Á SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL - CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DA XUNTA DE GALICIA.-
SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

ANTÓN MASA VÁZQUEZ, co DI nº 33.197.669-K e enderezo a efectos de notificación na rúa Michelena 3-1ºB (36001-Pontevedra), como Presidente da ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA (APDR) e no nome da citada asociación, por medio deste escrito en relación coa solicitude de RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA (en adiante AAI) da empresa ELECTROQUÍMICA DEL NOROESTE, S.A.U. (expediente 2011-IPPC-M-13), oponse á renovación da antedita A.A.I. formulando –dentro do prazo contemplado no **DOG número 126 do 1 de xullo de 2011**- as seguintes:

ALEGACIÓNS:

1.- Antes de determos na análise do Proxecto sometido ao trámite de exposición pública, parece oportuno considerar algúns aspectos que cuestionan a viabilidade futura da empresa ELECTROQUÍMICA DEL NOROESTE, S.A.U. (en adiante ELNOSA) no seu actual emprazamento e que se deberían ter en conta no momento de tomar unha decisión ao respecto da renovación ou non da AAI solicitada:

a).- Trátase dunha empresa cuestionada pola cidadanía e polas forzas políticas con implantación na comarca, que optan en todos os casos polo fin da actividade no seu emprazamento actual en terreos de dominio público marítimo-terrestre. É unha empresa que, pola súa actividade (elaboración de cloro, sosa e derivados) e polo obsoleto das súas instalacións resulta altamente perigosa para a poboación da comarca xa que acumula importantes cantidades de cloro.

b).- A empresa ELNOSA ten data de caducidade no ano 2018, no que vence a concesión para a súa actividade nos terreos que hoxe ocupa, unha concesión improrrogábel ao estar afectada pola Lei de Costas.

c).- Pero estamos a falar tamén dunha empresa cuestionada polo proceso de produción que ven utilizando desde o inicio da actividade no ano 1968 en Lourizán, en terreos concedidos inicialmente ao INI para a instalación da fábrica de ENCE, un proceso baseado na electrólise de salmoira en celas con cátodo de mercurio, unha metodoloxía totalmente obsoleta e que ten importante incidencia no medio ambiente, nos recursos naturais e na saúde e calidade de vida das persoas, particularmente polos vertidos e emisións de mercurio á Ría e á atmosfera.

Ao noso entender, estas consideracións avalan por si mesmas a denegación da renovación da AAI agora solicitada.

2.- Non consta no expediente aportado por ELNOSA o Informe do Concello de Pontevedra que acredite a compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico, nin sequera a copia da solicitude do mesmo por parte da empresa, un trámite imprescindible para que a solicitude de renovación da AAI se axuste á legalidade (artigos 12.1-b e 15 da Lei 16/2002 de prevención e control integrados da contaminación e artigo 7 do Real Decreto 509/2007 que desenvolve a citada Lei). De acordo coa Lei, **ao non existir este informe, ou sen que conste a solicitude do mesmo, procede pór fin ao procedemento de renovación da AAI solicitada.**

Non se esqueza que o artigo 7 do citado Real Decreto 509/2007, que se ocupa da renovación da autorización ambiental integrada cita expresamente que no procedemento de renovación incluíranse, polo menos, ... os informes do Concello e do organismo de conca contemplados no Capítulo II do Título III da Lei 16/2002. Nin tampouco que no artigo 15 desta mesma Lei 16/2002 dise taxativamente que ... ***si este informe fuese negativo,.... el órgano competente para otorgar dicha autorización dictará resolución motivada poniendo fin al procedimiento y archivará las actuaciones.***

Trátase, xa que logo, dun informe da maior transcendencia e importancia para a Lei, pois é vinculante para a Administración que tramita a autorización. Así pois, sen tal informe, ou sen ter xustificada a petición do mesmo, non procede iniciar a tramitación da renovación da AAI. E o precepto indicado (12.1.b) non exceptúa a ningunha industria da petición do informe urbanístico que nos ocupa.

Pretender eludir o trámite do artigo 12.1.b xa citado, implicaría consentir o incumprimento da Lei ao concederlle a ELNOSA un trato distinto, algo que está vedado polo artigo 14 da Constitución Española (CE); non esquezamos que os cidadán e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, un principio non respectado pola Administración caso de permitir que a empresa electroquímica ELNOSA eluda o trámite tantas veces mentado. Non está de mais citar o recollido no artigo 9.1 e 9.3 da CE (OS CIADANS E OS PODERES PÚBLICOS ESTÁN SUXEITOS Á CONSTITUCIÓN E AO RESTO DO ORDEAMENTO XURÍDICO.. ... A CONSTITUCIÓN GARENTE O PRINCIPIO DE LEGALIDADE... A SEGURIDADE XURÍDICA...).

Así pois, **ELNOSA incumpriu co disposto no artigo 12.1.b da Lei 16/2002 mencionada ao non solicitar o Informe do Concello de Pontevedra acreditativo da compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico**, un aspecto que resulta imprescindible para a tramitación da renovación da Autorización Ambiental Integrada e que nin ELNOSA nin a Administración poden xustificar de ningún modo.

En definitiva, A RENOVACIÓN DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL A ELNOSA DEBE DENEGARSE POR NON CONTAR COA CERTIFICACIÓN DE COMPATIBILIDADE URBANISTICA NIN OFRECER XUSTIFICANTE DA SOLICITUDE DIANTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

3.- Ademais, a AAI no seu apartado 7 obriga a ELNOSA a presentar un plano de reconversión á tecnoloxía de membrana neste ano 2011, antes de rematar o Acordo voluntario asinado entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Xunta de Galicia), a Asociación Nacional de Electroquímica (ANE) e a propia ELNOSA, ou do contrario comunicar a decisión de abandonar a actividade. Pois ben, ELNOSA recoñece na Memoria presentada para a solicitude da AAI (páxina 62) non ter presentado plano ningún ao respecto, e recoñece ademais que non o vai elaborar no prazo fixado pola AAI. Limitase a indicar que pretende acometer a reconversión á tecnoloxía de membrana antes do 2020,... *non nos é posíbel avanzar un plano definitivo de reconversión da tecnoloxía, e o único que podemos confirmar é a nosa vontade de respectar o compromiso de téronos convertido a membrana ou abandonado a tecnoloxía de celas de mercurio antes do ano 2020.* E engade un cadro cronolóxico no que fixa os prazos para a reconversión, situando no primeiro trimestre do ano 2018 a realización do estudo preliminar. Resulta sarcástica toda a argumentación para xustificar o incumprimento, e máis se temos en conta que no ano 2018

caduca a concesión que a empresa ten para a fabricación de cloro, sosa e derivados no seu actual emprazamento.

E pretende ELNOSA restar transcendencia ao asunto ao dicir que *se trata dunha cuestión allea á AAI...* En absoluto é allea esta cuestión á AAI nin á súa renovación; moi ao contrario, a elaboración do citado plano de reconversión é unha obriga da AAI, e non o ter aportado en prazo supón un evidente incumprimento da citada AAI e, xa que logo, unha nova razón para a non renovación da mesma.

4.- Sorprende sobremaneira a documentación aportada por ELNOSA, unha documentación absolutamente probe e carente de rigor na que só se aportan datos relativos aos valores medios mensuais dalgúns dos parámetros de vertido á Ría e das emisións á atmosfera. Evidentemente, estes datos non permiten coñecer o comportamento da empresa en materia de control ambiental nin o grado de cumprimento da normativa de aplicación ou da propia AAI. Debera a Administración esixir a presentación dos datos puntuais para todos e cada un dos parámetros de vertido e das emisións á atmosfera.

5.- Pero non debemos esquecer que unha das finalidades da AAI é a protección do medio ambiente e da saúde das persoas, polo que a prevención e o control da contaminación será fundamental, e máis se cabe no caso que nos ocupa dados os antecedentes da fábrica de ELNOSA neste particular. A fixación na AAI duns límites estrictos para os vertidos e as emisións á atmosfera será, xa que logo, imprescindíbel para que a autorización acade o seu obxectivo.

E así, a Lei 16/2002 de prevención e control integrado da contaminación, que regula a concesión das AAI, no apartado 1.f do seu artigo 7 –que fixa os valores límite de emisión– exprésao con total claridade: **PARA A DETERMINACIÓN NA AAI DOS VALORES LÍMITE DE EMISIÓNS, DEBERÁSE TER EN CONTA... OS VALORES LÍMITE DE EMISIÓN FIXADOS, NO SEU CASO, NA NORMATIVA EN VIGOR NA DATA DA AUTORIZACIÓN.**

Neste sentido, desde a APDR sostemos que **A AAI OUTORGADA A ELNOSA É CONTRARIA AO DEREITO**, polo que a súa renovación nos mesmos termos en que foi concedida sería, así mesmo, ilegal.

E baseamos a nosa afirmación na evidencia de que algún dos valores límite fixados na AAI outorgada a ELNOSA no ano 2008 superan amplamente os límites fixados no Real Decreto 509/1996 de augas residuais urbanas que desenvolve o Decreto 11/1995 que á súa vez

adecúa á normativa española a directiva 91/271/CEE e, así mesmo, no incumprimento da Lei 9/2010 de augas de Galicia, que recolle as esixencias fixadas na derogada Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia, vixente no momento da concesión da AAI á empresa ELNOSA. E non cabe dúbida ningunha de que ámbalas dúas leis son de obrigado cumprimento para a empresa electroquímica.

Define de forma inequívoca a lexislación citada, que se debe entender por augas residuais urbanas, e así, queda claro que teñen esta condición **tanto as augas residuais domésticas como a mestura das mesmas con augas residuais industriais e/ou augas de escorrentía pluvial**. Non deixa polo tanto a normativa lugar a dúbidas, as augas do vertido da fábrica de ELNOSA –que saen ao medio receptor polo emisario submariño mesturadas con augas residuais domésticas- teñen, por definición, consideración de augas residuais urbanas, o que xustifica de cheo a aplicación a ELNOSA da normativa anteriormente citada.

Así pois, e no que fai aos vertidos á Ría, a AAI que nos ocupa debería ter recollido –como mínimo- os límites fixados pola normativa vixente para as augas residuais urbanas:

Parámetros	Concentración
Demanda química de osíxeno (DQO)	125 mg/l O ₂
Sólidos en suspensión (SS)	35 mg/l
Fósforo total	2 mg/l P
Nitróxeno total	15 mg/l N

límites que curiosamente fixa para todos os parámetros considerados na táboa, agás para a Demanda Química de Osíxeno (DQO) para a que fixa un valor de 250 mg/L, permitíndolle polo tanto provocar unha contaminación dupla do máximo fixado pola Lei para este parámetro. Que explicación pode ter esta consideración particular –e ilegal- para a DQO?. Non queremos pensar que se trate de axustar as esixencias da AAI ás posibilidades reais de cumprimento por parte de ELNOSA, dunha AAI “ao gusto”...

Pero é que a AAI outorgada a ELNOSA entra tamén en contradicción coa Lei 9/2010 de augas de Galicia que, entre os seus obxectivos, persegue actualizar a normativa de augas e a protección das augas das rías galegas, obxectivo que fica patente na derogación expresa da Lei 8/2001 de protección da calidade das augas das rías de Galicia, unha Lei –non fai falta abundar máis neste aspecto- de obrigado cumprimento para esta empresa.

No Anexo III fixa a Lei os límites de emisión das augas residuais ás rías de Galicia, e convén facer fincapé no contemplado neste anexo para o Mercurio, para o que fixa valores de 0.05, 0.1 e 0.1 mg/L como esixencias para as medias mensuais, medias diarias e valores puntuais respectivamente, valores que son recollidos tamén na AAI que nos ocupa.

Pero convén deternos nun aspecto que entendemos chave á hora de clarificar se a AAI outorgada a ELNOSA concorda ou non coa normativa vixente para o caso do vertido deste perigoso metal pesado. No citado Anexo III da Lei 9/2010, o Hg aparece cun asterisco que, a pé da táboa explícase co seguinte texto: **EN CALQUERA CASO ESTAS CONCENTRACIÓNS SÓ SE ADMITIRÁN NAS VERTEDURAS QUE SE PRODUZAN COMO RESULTADO DO ARRASTRE INEVITÁBEL DESTES METAIS CONTIDOS NAS MATERIAS PRIMAS USADAS**. E non é este o caso de ELNOSA.

Sinalaremos aquí que, tal e como se recolle na páxina 9 da Memoria proxecto presentada por ELNOSA para solicitar a renovación da AAI, a única materia prima utilizada pola empresa no seu proceso productivo é a sal común, unha materia prima que non debe ter contido ningún en mercurio.

Así pois, do exposto nesta alegación, fica probada a existencia de vertidos ilegais de Hg por parte da empresa ELNOSA, vertidos que ao ser permitidos pola AAI fan que a citada autorización non se axuste a dereito e, xa que logo, non poida ser renovada.

6.- A inexistencia de datos na Memoria proxecto presentada por ELNOSA, obriga a botar man de datos elaborados externamente, e así, debemos indicar que o pasado 17 de novembro foi presentado en Pontevedra un informe elaborado polo colectivo Ecologistas en Acción no contexto da campaña denominada MERCURIO CERO. Neste chamado "Informe sobre la contaminación causada por el mercurio de la industria clorocáustica" (xúntase como Anexo I) amósanse os resultados das análises do mercurio existente nas mostras recollidas no verán anterior no aire e solos das inmediacións da electroquímica ELNOSA e nalgúns exemplares de ameixas extraídas no banco marisqueiro alí existente. As mostras foron analizadas no "Laboratorio de Bioqeoquímica de metales pesados" da "Escuela Universitaria Politécnica de Almadén" (Ciudad Real) da Universidade de Castilla-La Mancha.

Os resultados das análises permiten deducir que a situación existente na zona, desde o punto de vista da calidade medioambiental, é preocupante pola elevada contaminación en mercurio, un metal pesado altamente perigoso para o medio ambiente e para a saúde das persoas pola súa capacidade de acumularse e concentrarse ao longo da cadea trófica e polos danos que

pode causar sobre o sistema cardiovascular e o cerebro e polo seu papel como axente carcinógeno.

En efecto, da lectura do antedito Informe, pódese deducir que a electroquímica ELNOSA non cumpre coas condicións esixidas na Autorización Ambiental Integrada (AAI) concedida pola Xunta de Galicia no ano 2008 no que fai ás emisións de mercurio. Como xa indicamos, na AAI faise constar que, no referente ás emisións totais de mercurio, a empresa deberá dar cumprimento ao Acordo voluntario asinado entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Xunta de Galicia), a Asociación Nacional de Electroquímica (ANE) e a propia ELNOSA, un acordo que fixa os límites (en gramos de mercurio por tonelada de capacidade instalada de cloro) de 0,8 + 15% para antes do 1 de xaneiro de 2008 e 0.8 antes do 1 de xaneiro de 2010.

De acordo co recollido no Informe da Comisión do Convenio OSPAR, en vigor desde o ano 1998 e citado no Informe que nos ocupa, a fábrica de ELNOSA emitiu no 2007 13,53 gramos de mercurio por tonelada de cloro producida, unha cantidade moi superior á permitida. E nada fai pensar en que as cousas teñan mudado entre 2008 e a actualidade xa que –como se deduce da Memoria proxecto- neste período a empresa non levou a cabo ningunha modificación no seu proceso productivo.

De acordo cos resultados da análise de mercurio nas mostras recollidas no Informe de Ecologistas en Acción, a situación do aire nas inmediacións da fábrica de cloro pódese considerar alarmante, chegándose a rexistrar niveis de mercurio de ata 900 ng/m³ pola mañá e de ata 1.400 ng/m³ pola tarde, uns niveis que superan amplamente os 200 ng/m³ establecidos pola OMS como límite para a exposición crónica das persoas a este metal pesado.

Do mesmo xeito, nas mostras de solo recollidas nos arredores da fábrica téñense atopado valores de mercurio moi preocupantes que superan amplamente os valores considerados como normais nun solo non contaminado. Así, nas mostras recollidas na finca do Centro de Investigación de Lourizán (na entrada do Arboreto) atópanse valores de 0,437 ppm (unhas 40 veces superiores ás 0,01-0,03 ppm consideradas normais nos solos libres de contaminación por mercurio) e nas correspondentes ás recollidas nas hortas veciñas á fábrica valores de 0,75 ppm, cantidades que, como dixemos, hai que considerar preocupantes polo feito de se atopar en hortas nas que os veciños e veciñas da fábrica cultivan produtos que logo van utilizar para a súa alimentación ou na dos seus animais.

Esta realidade debe facer entender a necesidade de pór fin a unha situación que non só é ilegal polo incumprimento da AAI indicada, senón que pon en risco a saúde e a calidade de vida das persoas. Así pois, tamén polas circunstancias recollidas nesta alegación, débese denegar a renovación da AAI solicitada pola empresa ELNOSA.

Por todo o exposto,

SOLICITA:

1.- Que tendo por presentado este escrito, se teñan por feitas, en tempo e forma, as anteriores alegacións ao expediente 2011-IPPC-M-13 no que se solicita a renovación da AAI da empresa ELECTROQUÍMICA DEL NOROESTE, S.A.U. e, unha vez cumpridos os distintos trámites procedimentais, se poña fin ao procedemento polo incumprimento do disposto nos artigos 12.1.b e 15 da Lei 16/2002 e no artigo 7 do Real Decreto 509/2007 que a desenvolve.

2.- Para o caso de que non se admita a petición anterior, con reserva dos recursos que procedan, interésase a denegación da renovación da AAI solicitada pola ELECTROQUÍMICA DEL NOROESTE, S.A.U. en base ás demais alegacións.

E para que conste, asina en Pontevedra a 5 de agosto de 2011